

Concello de Ortigueira

INFORME DA UNIDADE TÉCNICA DE ASISTENCIA

Exp.:1631/2024

Procedemento: Aberto simplificado sumario para a contratación subministro de luminarias tipo led en instalacións deportivas

Maria Luisa Sierra Vale, funcionaria administrativa; asistida por Iago Manuel Bermejo Varga, secretario xeral e Silvia Lamelas Soto, interventora municipal; como integrantes da Unidade Técnica de Asistencia prevista no prego de cláusulas administrativas que regula o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración de luminarias tipo led en instalacións deportivas, emite o seguinte

INFORME:

1.- Esta Unidade Técnica de Asistencia o día 20 de setembro de 2024 procedeu apertura dos sobres presentados no procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do subministro de luminarias tipo led en instalacións deportivas, emitindo o correspondente informe no que se conclúe:

“Proponse ao órgano de contratación a exclusión do procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración de luminarias tipo led en instalacións deportivas as seguintes licitadoras CADIELSA, ECOENERGYDIRECT SL, FAS ELECTRICIDAD SA, LUMEA SOLUCIONES ELECTRICAS SL, MUNIELLO ELECTRICIDAD SA, TKLED ELECTRIC SL e TECNICA NOVA DE GALICIA SL por non achegar a ficha técnica dos artigos ofertados

Polo que respecta as restantes licitadoras polos servizos técnicos deberá emitirse informe no que se faga constar que a teor nas fichas técnicas achegadas no sobre electrónico os produtos ofertados cumpren co establecido no prego de características técnicas que regula o presente procedemento”

Dito informe foi publicado na Plataforma de Contratación do Estado o día 20.09.2024

2.- Con data 04.10.2024 polo técnico municipal emitise informe no que se conclúe:

“1.- As empresas admitidas ofertan materiais que cumpren os requisitos, aínda que pode haber unha variación porcentual sobre os datos sinalados, xa que nestes casos sempre son aproximados e nos focos leds existen múltiples regulacións e variacións.

2.-En todos os casos os materiais ofertados cumpren cos requisitos de calidade esixidos.

3.-Exclúense ás empresas sinaladas por non presentar os catálogos técnicos en castelán ou galego, linguas oficiais nesta administración. En ningún sitio dos pregos do contrato sinalase que se admiten catálogos noutros idiomas, polo que non poden ser admitidos.

ACELEC, Non presenta catálogos. A Uta non debeu admitila.

OSCAR SANCHEZ. Catalogos en castelán e inglés

PROELECTROSONIC, Catálogos en inglés

Esta documentación está en inglés, vulnerando sua presentación o artigo 15 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- *Procede seguir o procedemento de adxudicación coas seguintes empresas:*

AOPIL S.L.

CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES ORFA S.L.

ECIMAN S.L.

GRUPO ELECTRO STOCKS S.L.

INSATEL INSTALACIONES S.L.

ORUS ELÉCTRICA S.L.

TERMAX SUMINISTROS S.L.”



Concello de Ortigueira

3.- En relación co exposto no informe do técnico municipal, esta UTA, entende:

- A exclusión da licitadora ACELEC está debidamente xustificada xa que como se fixo constar no informe da data 20 de setembro de 2024 no prego de cláusulas administrativas e no cadro resume do mesmo establece claramente que a falta de presentación da ficha técnica será causa de exclusión da oferta. Comprobado que a licitadora ACELEC non achega referida ficha técnica debe quedar excluída do procedemento
- Polo que respecta ao exclusión das licitadoras que achegan fichas técnicas en lingua diferentes as oficiais nas administracións públicas da comunidade galega, tratase dunha deficiencia emendable ao teor da doutrina dos tribunais administrativos de recursos contractuais e a xurisprudencia emanada dos tribunais xa que as licitadoras si aportan a documentación exixida aínda que esta non sexa correcta polo que de conformidade co establecido na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas que establece “*No caso de que por algunha das empresas presentácese a documentación de forma incorrecta e as deficiencias observadas se considerasen emendables, concederánselle un prazo non superior a tres (3) días hábiles desde a recepción da comunicación para emendar ese defecto, quedando excluída do procedemento de non proceder á corrección no prazo establecido no requirimento*”. Esta emenda, claro está, non podera modificar a oferta inicial

Consecuentemente, propónse ao órgano de contratación:

Primeiro.- Excluir do procedemento aberto simplificado sumario para a contratación subministro de luminarias tipo led en instalacións deportivas a licitadora ACELEC INSTALACIONES ELECTRICAS SL por non achegar a ficha técnica dos artigos ofertados exixida no prego de cláusulas administrativas e no cadro resume do mesmo

Segundo.- Requerir as licitadoras OSCAR SANCHEZ. BLANCO e PROELECTROSONIC SL para que no prazo de tres días hábiles contados dende o envío do requirimento presenten na sede electrónica no Concello de Ortigueira a seguinte documentación:

Documento en castelán ou galego das fichas técnicas presentadas coa oferta traducido por tradutor xurado ou apostillado.

O que se informa aos efectos oportunos
Documento asinado dixitalmente

